

CONCELLO DE CAMBRE

Asunto: solicitude de informe dentro da tramitación conxunta dos procedementos de avaliación de impacto ambiental ordinaria e de autorización ambiental integrada (AAI)

Instalación: Planta de elaboración de cefalópodos, crustáceos e peixe refrixerado

Titular: Profand Cambre, SLU

Localización: concello de Cambre (A Coruña)

Expediente: 2026-IPPC-I-10

ANTECEDENTES

O 30.12.2025 Profand Cambre, SLU presentou unha solicitude para tramitar conxuntamente a autorización ambiental integrada e a avaliación de impacto ambiental ordinaria para a ampliación dunha planta de elaboración de cefalópodos, crustáceos e peixe refrixerado, no Polígono do Espiritu Santo, concello de Cambre (A Coruña). Esta documentación completouse o 20.2.2026.

O proxecto consiste na ampliación da planta, mediante desmantelamento de parte dos equipos actuais, instalación de novas liñas de envasado e redistribución dos usos das salas, para acadar unha capacidade de produción de 218,2 toneladas/día de produto acabado.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A instalación proxectada encádrase no epígrafe 9.1.b)i) do anexo I do Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación e no grupo 2.b) do anexo II da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia regula no Capítulo I a tramitación ambiental conxunta de proxectos de actividades sometidas a autorización ambiental integrada e avaliación de impacto ambiental.



O artigo 29.2 da dita lei indica que simultaneamente ao trámite de información pública o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada consultará **en relación co procedemento de avaliación ambiental** ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, por un prazo non inferior a 30 días.

SOLICITUDE DE INFORME E CERTIFICADO

Conforme ao recollido no citado artigo 29.2 da Lei 5/2017 dámoslle traslado da documentación a fin de que no prazo máximo de **30 días** emita informe en relación coas súas competencias en materia ambiental.

Ademais, conforme ao artigo 9.4. da Lei 21/2013, a información pública debe facerse tamén no taboleiro de edictos e, no seu caso, na páxina web do concello afectado. O prazo de exposición será de trinta días hábiles. Unha vez finalizado o período de Información Pública deberá remitirnos un certificado de exposición pública no que faga constar o lugar e o período no estivo exposta a documentación ambiental.

Remitímoslle a documentación presentada pola empresa na seguinte ligazón:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/NaARWFn7JAFyDDX>

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/8aJR7SFjCMeiGQo>

Santiago de Compostela

A xefa do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación

María Fátima Rodríguez García

